

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA A REALIZACIÓN DA XXII EDICIÓN DO PREMIO DE POESÍA AFUNDACIÓN

Dunha parte a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e no seu nome e representación D. Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra a Fundación Galicia Obra Social (Afundación) inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Facenda e Administración Pública, co 2013/12 e C.I.F. G 70.270.293; e no seu nome e representación, D. Miguel Ángel Escotet Álvarez, con D.N.I. número 09.770.766 K, en virtude do seu cargo de presidente e apoderado - escritura de poder ao seu favor outorgada o 5 de setembro de 2014 ante o Notario de A Coruña, D. Isidoro Calvo Vidal, protocolo 690.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Que a Consellería de Cultura, Educación, F. P. e Universidades é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de creación e difusión cultural. Dentro de ese ámbito de actuacións vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, promoción da cultura, do libro e da lectura para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Que a Consellería, a través da Dirercción Xeral de Cultura, e Afundación consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan desenvolver un programa para a realización dunha serie de actividades para alentar a creación poética e afianzar o sistema literario en galego, como a celebración da XXII edición do Premio de Poesía Afundación.

Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro levan a acabo unha importante actividade cultural que contribúe ao desenvolvemento, mellora e difusión da nosa cultura, tanto na propia comunidade como cara ao exterior.



Que Afundación leva a cabo un importante labor social co obxectivo, entre outros, de contribuír co desenvolvemento da cultura galega en xeral e do sistema literario galego en particular, a través de iniciativas como o Premio de Poesía Afundación.

O premio ten entre os seus obxectivos a promoción e difusión da creación literaria en lingua galega, en particular da poesía, xénero que precisa un maior apoio editorial. Alén disto, se ben a poesía, en comparación coa narrativa, é un xénero minoritario, serve de alicerce para a consolidación da renovación estética e contribúe á normalización da lingua.

O Premio de Poesía Afundación é un dos poucos premios de poesía en lingua galega que se celebran na actualidade. Comezou a súa andaina no ano 2002, a iniciativa do Centro PEN de Galicia e Afundación. Logo de máis de 20 anos de traxectoria, constitúe na actualidade unha cita de referencia na axenda cultural galega.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrência, polas especiais características das actividades e da entidade coa que se convenia.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura para o ano 2024, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan, nos que non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades culturais, afondando en novas vías de colaboración que facilitan a actividade dos artistas galegos e tamén daqueles asentados en Galicia, e que contribúan a achegarlle á sociedade o seu traballo creativo.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes nas que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, F. P. e Universidades e Afundación, para desenvolver un programa conxunto encamiñado á realización dunha nova edición do Premio de Poesía Afundación, co desexo de alentar a creación poética



en galego e de contribuír, deste xeito, a afianzar o sistema literario na lingua propia de Galicia.

Bases da convocatoria do premio:

O XXII Premio de Poesía Afundación é unha iniciativa da Fundación Galicia Obra Social (Afundación) e do Centro PEN de Galicia, e conta co apoio da Consellería de Cultura, Educación, F. P. e Universidades da Xunta de Galicia.

1. Poderán concorrer ao XXII Premio de Poesía Afundación autorías de calquera nacionalidade, maiores de idade, presentando unha soa obra escrita en lingua galega (segundo a normativa ortográfica vixente).
2. O premio, un e indivisible, está dotado con 7.000 €, cantidade da que se deducirán os correspondentes impostos.
3. As obras, que deberán ter unha extensión mínima de 600 versos, non poderán estar presentadas simultaneamente a outros concursos. Deben ser unha creación orixinal e inédita, é dicir, non poden ser unha copia, interpretación, tradución ou similar, dunha obra xa existente, e non poden estar publicadas nin en coñecemento do público mediante calquer medio con anterioridade.
4. Os orixinais deberanse presentar por quintuplicado, mecanografados e baixo lema. O mesmo lema deberá figurar no exterior dun sobre pechado que conteña os seguintes datos: título da obra, nome e apelidos da autora ou autor, fotocopia do DNI, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto e breve CV.
5. Os traballos deberanse enviar por correo postal ou empresa mensaxeira a: Sede Afundación Vigo Rúa Policarpo Sanz, 26, 36202 – Vigo. Indicarase XXII Premio de Poesía Afundación no sobre.
6. O prazo de admisión rematará o 31 de xullo de 2024. Excluíranse todos os envíos que leven data posterior.
7. O xurado cualificador estará constituído por cinco persoas de recoñecido labor no ámbito literario. Como presidente actuará o titular do Centro PEN de Galicia e como secretario, o director desta entidade. Corresponderalle ao xurado a interpretación destas bases e a súa decisión será inapelable.
8. A decisión do xurado do XXII Premio de Poesía Afundación farase pública, a través dos medios de comunicación, en outono de 2024.
9. Poderase declarar o premio deserto, de non existiren obras de calidade adecuada a xuízo do xurado.



110. A obra premiada publicárase na colección Arte de Trobar, e a autoría renunciará, na primeira edición, aos dereitos que lle puidesen corresponder. De existiren posteriores edicións, e en todos os casos, é obrigatorio informar a Afundación, facer constar nun sitio visíbel que a nova edición recibiu o XXII Premio de Poesía Afundación, e enviar un exemplar ao enderezo postal do punto 5 destas bases.

11. Non se devolverán os orixinais nin se admitirán reclamacións sobre eles. O feito de presentarse ao XXII Premio de Poesía Afundación implica a aceptación por parte das persoas participantes das presentes bases na súa totalidade.

12. Os datos de cada participante trátaranse conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, coa finalidade de se utilizar para a realización de cantas xestións sexan necesarias para o desenvolvemento do concurso, a publicación do gañador/a e posterior entrega do premio. Neste sentido, cada participante declara e expresa o seu consentimento expreso para a publicación do nome do/a participante en calquera actividade pública de difusión do concurso e os seus actos promocionais e a comunicación dos datos ás outras entidades referidas ao principio destas bases para que estas poidan empregalos con idénticas finalidades que as outorgadas a Afundación. A base de lexitimación dos tratamentos será o consentimento libremente expresado nesta declaración, así como o desenvolvemento do interese lexítimo de Afundación, como organizador. Os datos gardaranse o tempo necesario para cumprir cos requirimentos legais esixidos. Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e portabilidade, os cales poderán exercerse dirixindo un escrito, previa acreditación da personalidade, ao Comité de Protección de Datos e Privacidade, San Andrés 135-137, 2º Planta, 15003 A Coruña ou mediante correo electrónico lopdp@afundacion.org. O devandito consentimento e autorización é un requisito indispensable para a recepción do premio. Cada persoa participante e/ou gañadora comprométese a asinar con Afundación calquera documento en desenvolvemento da presente base.

13. De acordo á Lei de Propiedade Intelectual aprobada por Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril; recoñecerase sempre e en todo caso a autoría das obras. O autor/a da obra premiada cede os seus dereitos de explotación para a publicación, reprodución ou distribución da obra, con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que se poida derivar. A devandita autorización é un requisito indispensable para a recepción do premio. Cada persoa participante e/ou gañadora comprométese a asinar con Afundación calquera documento en desenvolvemento da presente base.

14. Afundación non se responsabiliza de calquer consecuencia ou incumprimento derivado das actuacións dos participantes por plaxio ou outro que puidesen vulnerar



dereitos de terceiros ou polo uso indebido do premio outorgado; respondendo, chegado o caso, eles mesmos dos conflitos que se xerasen.

15. As persoas participantes e a persoa gañadora autorizan tanto a Afundación como ás entidades referidas ao principio das presentes bases a que, a efectos da difusión das actividades do concurso e da concesión do premio, poidan obter mediante fotografía e/ou vídeo e difundir gratuitamente a súa imaxe física e/ou voz; en consecuencia, consenten expresamente que, a efectos da referida difusión, tanto Afundación como as referidas entidades obteñan, traten, reproduzan, distribúan e/ou comuniquen publicamente por calquera medio ou formato, a imaxe física e/ou voz. Cada persoa participante e/ou gañadora comprométese a asinar con Afundación calquera documento en desenvolvemento da presente base.

16. O incumprimento dalgún dos requisitos ou das bases aquí establecidas, supoñerá a descualificación da persoa participante.

SEGUNDA.- Obrigas de Afundación

Afundación encargárase de organizar e apoiar economicamente a actividade: xestionará e executará todas as actividades que teñan relación co premio, tales como elaboración das bases, convocatorias, circulares, documentación, organización dos actos de presentación e de entrega do premio, facilitándolle as infraestruturas e os medios necesarios ao persoal que interveña nestas tarefas.

Afundación comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.

Afundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación, F. P. e Universidades para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma



de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

Afundación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- Financiamento

Para a realización conxunta das actividades, o importe total ascende a 17.350 €.

A Consellería contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas neste convenio coa achega de 8.675 €, (IVE incluído), para o que existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 10.04.432A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A entidade Afundación desenvolve todos os labores de organización e coordinación do premio, e tamén dá apoio económico á actividade coa achega de 8.675 € (IVE incluído).

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe de 17.350 €, a achega da Consellería de Cultura, Educación, F. P. e Universidades diminuírase proporcionalmente.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O prazo para xustificar as iniciativas realizadas coa convocatoria e desenvolvemento do premio remata o 20 de decembro de 2024

Logo da realización da actividade prevista no obxecto do convenio, Afundación entregalle á Consellería o informe final sobre o desenvolvemento do premio. A consellería, unha vez entregado o dito informe, realizará o libramento da cantidade establecida, logo da presentación das facturas que xustifiquen os gastos realizados para a consecución desta iniciativa, ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e acompañadas da correspondente certificación dos gastos.



Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados no ano 2024 a partir da data de sinatura do presente convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación, F. P. e Universidades diminuírase proporcionalmente.

A Fundación responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

QUINTA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, Afundación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA.- Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes

Os resultados froito deste convenio, tales como dípticos, catálogos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Educación, F. P. e Universidades e de Afundación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas as dúas partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso Afundación poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio. Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento



Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura ou a persoa en quen delegue, e polo presidente de Afundación ou a persoa que designe en substitución.

OITAVA.- Modificación, denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

NOVENA.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO - Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos



dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO PRIMERA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO SEGUNDA.- Normativa aplicable e xurisdición

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO TERCEIRA.- Notificación electrónica



Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024.

DÉCIMO CUARTA.- POSIBILIDADE DE DESISTENZA DO CONVENIO

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

Pola Consellería de Cultura, Educación, F. P.
e Universidades

Pola Fundación Galicia Obra
Social

Román Rodríguez González

Miguel Ángel Escotet
Álvarez



